

IMPORTANTE

- No teu centro de traballo deben poñer ao teu alcance os EPI's adecuados ao traballo que realizas.
- Antes de utilizar un EPI, le as instrucións de uso.
- Coida correctamente e garda os EPI's.
- Informa dos defectos ou danos que detectes no equipo.
- Se non usas os EPI's correctamente, poden supoñer un risco engadido.
- Os EPI's son de uso persoal.
- Comproba que dispoñen de Marcado CE e folleto informativo.

Universidade de Vigo

Servizo de Prevención
de
Riscos Laborais

**EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
(EPI'S)**

**EQUIPOS DE PROTECCIÓN
INDIVIDUAL (EPI'S)**

Equipos de Protección Individual



Universidade de Vigo

Servizo de Prevención
de
Riscos Laborais

Utilización dos EPI's

1. Que son os EPI's?

Calquera equipo que destinado a ser levado o suxeitado pola persoa traballadora para que a protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde, así como calquera complemento ou accesorio destinado para este fin.



2. Non son EPI's?

- A roupa de traballo corrente e os uniformes que non estean especificamente destinados a protexer a saúde ou a integridade física do traballador.
- O material de deporte. autodefensa ou de disuasión.
- Os equipos dos servizos de socorro e salvamento.

3. Clasificación dos EPI's

Os EPI's clasifícanse en tres tipos dependendo da gravidade dos riscos fronte aos que protexen:

- **Categoría I.**- pertencen a esta categoría, única e exclusivamente, os EPI's que teñan por finalidade protexer á persoa usuaria dos seguintes riscos: lesións mecánicas superficiais, contactos con materiais de limpeza de acción débil ou contacto prolongado con auga, contacto con superficies quentes que non excedan de 50°C, lesións oculares causadas pola luz solar (salvo durante a observación do sol), condicións atmosféricas que non sexan de natureza extrema,

- **Categoría II.**- inclúe os modelos de EPI's que, non reunindo as condicións da Categoría I, non están deseñados da forma e para a magnitude de risco que se indica na Categoría III.
- **Categoría III.**-corresponde aos equipos destinados a protexer contra riscos que poidan ter consecuencias moi graves, como a morte ou danos irreversibles á saúde da persoa traballadora.

4. Criterios para o seu uso?

Os EPI's utilízanse cando os riscos non se poidan evitar ou limitar por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, procedementos ou métodos de organización do traballo.



5. Condicións que deben reunir?

Os EPI's deben proporcionar unha protección eficaz fronte aos riscos. Para tal fin deberán:

- Ser axeitados ás condicións existentes no lugar de traballo: temperatura, humidade ambiental, concentración de osíxeno, etc.
- Ter en conta as condicións anatómicas, fisiolóxicas e de saúde do traballador: que non reduza a capacidade visual, auditiva ou respiratoria.
- Considerar o peso e volume do equipo.
- Adaptarse á persoa traballadora tras os axustes necesarios: se ten barba, utiliza gafas, ten algún problema facial etc.
- Se se utilizan varios equipos de protección simultaneamente, deberán ser compatibles entre si e manter a eficacia que tiñan por separado.
- Deben ir acompañados dun folleto informativo sobre as súas características, modo de emprego, modo de almacenamento, correcto mantemento, accesorios e pezas de recambio axeitadas e data de caducidade.
- A información á que se refiren os parágrafos anteriores deberá ser comprensible para os traballadores e estar redactada na lingua oficial do Estado.

- Cumprir coa lexislación no referente ao deseño e fabricación.
- O Mercado CE debe aparecer nos EPI's ou no seu envase.

NOTA: non se deben adquirir EPI's que non teñan o Mercado CE e folleto informativo.

6. Elección dos EPI's

- Analizar e avaliar os riscos existentes que non poidan evitarse ou limitarse suficientemente por outros medios.
- Comparar as características dos EPI's existentes no mercado e escoller o que máis se adecúe.
- Definir as características que deben reunir os EPI's en función da natureza, magnitude do risco e as condicións ambientais e as características da persoa traballadora.
- Consultar aos traballadores/as e escoller entre todos os EPI's que reúnen as características buscadas, o que mellor se adapta ás necesidades.

7. Utilización e mantemento

- A utilización, mantemento, limpeza, almacenamento e reparación dos EPI's sempre se fará seguindo as instrucións do fabricante. O manual de instrucións estará a disposición dos traballadores.
- Só poderán utilizarse para os usos previstos
- Os EPI's están destinados a un uso persoal.
- A persoa traballadora debe informar ao seu superior de calquera defecto ou dano no seu equipo.
- Naquelas zonas nas que a utilización dun EPI sexa obrigatoria, deberá colocarse o sinal de uso obrigatorio.